



Expediente nº: 315/2021

Resolución de Alcaldía datada e asinada ao marxe

Procedemento: Aprobación da listaxe provisional de solicitudes para o PAI o próximo curso 2021-2022

Asunto: Listaxe provisional de admitidos no PAI

Documento asinado por: Alcaldía e Secretaría

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Vistas as solicitudes presentadas segundo o sinala o Regulamento de Réxime Interno do PAI, e no Bando publicado o día 31 de marzo de 2021, para a creación dunha listaxe de solicitudes para o servizo do Punto de Atención á Infancia, de cara o próximo curso 2021/ 2022.

Visto o informe presentado pola coordinadora do PAI, con data 21 de abril de 2021, no queda reflexada a listaxe provisional coas solicitudes presentadas para o próximo curso.


Tendo en conta que o PAI ten un número máximo de prazas, 20 en total, faise necesario a creación destas listaxes para dar prioridade, primeiro aos nenos e nenas que xa están matriculados de anos anteriores, despois ás novas incorporacións que se inscriban no período correspondente e, por último as solicitudes que cheguen por orde no rexistro de entrada do Concello, tendo en conta sempre os criterios que marque o Regulamento do PAI.

Examinado por tanto o Regulamento de Réxime Interno do PAI, e visto o informe emitido pola coordinadora, e de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar a listaxe provisional de admitidos no Punto de Atención á Infancia para o próximo curso 2021 / 2022, nos termos que figuran no Regulamento Interno. Quedando da seguinte maneira:

1. Blanca Cordero Martínez
2. Candela González González
3. Enzo Pedrera Carballo
4. Nerea Fuentes Ucha
5. Xiana Pereira Cortés
6. Laura Domínguez Álvarez
7. Ana Mª Vázquez Pérez
- 8.

SEGUNDO. Publicar esta Resolución na páxina web do Concello, tal e como se sinala no artigo 8 de dito Regulamento “farase público a listaxe provisional de nenas/os admitidas/os para o seguinte curso e a listaxe de agarda (se a houbese)”.





CONCELLO DE ARBO

TERCEIRO. Iniciar un prazo de presentación de reclamacións de 15 días a partir da publicación desta listaxe provisional.

CUARTO. Unha vez rematado dito prazo aprobarase e despois publicarse a listaxe definitiva.

Mándao e asínao o Sr. Alcalde, D. Horacio Gil Expósito, en Arbo, do que, eu como Secretaria, dou fe.

O Alcalde, Horacio Gil Expósito. *Sinatura dixital ao marxe.*

A Secretaria fedataria, Patricia Hernández Estévez. *Sinatura dixital ao marxe.*



Cod. Validación: 4JQNK37C2YJS96PMJ7DR6DRSF | Corrección: <https://concellodearbo.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2